

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA UN DE MARZO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretaria acctal D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día un de marzo de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e dous de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 126/11 de S.A.T Mogo

Dáse conta da citada instancia na que don Jesús González Corbelle, en representación de S.A.T MOGO, solicita licenza para a construción de dous silos para a mellora da explotación agrícola, en Marzán de Abaixo-Vedra, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), de acordo co proxecto técnico presenatdo redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Juan M. Hermida Vázquez, cun orzamento de 54.238,48 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da técnica municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo levar a cabo as obras de acordo co proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil oitenta e catro euros con setenta e sete céntimos (#1.084,77#).

2.2.- Instancia num. 71/11 de don José Manuel Cutrín Suárez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación de alboio, de aproximadamente 164 m2 en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situado en Marzán de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1) e dentro da zona de afección do elemento catalogado A-43.

Dáse conta asimesmo da autorización do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de A Coruña.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma nin se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. De acordo coa lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento vinte e catro euros con oitenta e sete céntimos (#124,87#)

2.3.- Instancia num. 1.999/10 de don Jesús M. Tallón Maceira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 494 de concentración parcelaria de Vilanova -Merín, situada en Fraíz -Merín, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, en cinco parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Beillet García

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de trescentos (#300,00#) euros.

2.4.- Instancia num. 277/11 de dona María Cruz Vilas Giadanes

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para acondicionamento do local anexo á vivenda, situada en Pousada de Abaixo nº 12, consistente na pavimentación do chan e máis para a pavimentación do estanque de aproximadamente 12 m2, emprazadas en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non debendo as obras modificar o volume actual da edificación nin afectar á estrutura da mesma

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.5.- Instancia num. 262/11 de don Manuel Picón Álvarez



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 110 mts en planta, consistente en colocar tella sobre da uralita existente, situada en Albela de Arriba (nº 6), en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma nin se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. De acordo coa lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e oito euros con corenta e catro céntimos (#68,44#)

2.6.- Instancia num. 234/06 da AA.VV. San Gregorio de San Mamede de Ribadulla

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel Carpinteiro Carrillo, en representación da AA.VV. San Gregorio de San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a ampliación do cemiterio, sito en San Gregorio, en solo cualificado no PXOM como rústico de especial protección ordinaria (R-1), cunha ocupación máxima inferior ao 20% da parcela neta; altura máxima inferior a 7,00 mts, segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 190.149,87 euros, e contando coa preceptiva autorización autonómica

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: deberase axustar ás condicións da autorización de patrimonio e da autorización sanitaria. Ademais deberase axustar ás condicións establecidas na autorización autonómica debendo proceder á vinculación da superficie do predio á construción e usos autorizados

2º.- Concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, ao tratarse dunha obra comunitaria de interese social.

3º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Dáse conta da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 10 de febreiro de 2011, pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións das liñas en concorrencia non competitiva e



concorrenza competitiva destinadas aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, do Fondo de Compensación Ambiental (DOG num. 30/11, do 14 de febreiro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar unha subvención para a adquisición dun vehículo para a intervención en emerxencias para Protección Civil de Vedra

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

4º.- Escritos varios

4.1.- Escrito num. 290/11 do CPI de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que os alumnos/as de cuarto curso de ESO do CPI de Vedra no que expoñen que teñen programada unha viaxe cultural a Cataluña entre os días 10 e 16 de abril como remate dos estudos de ensino obrigatorio, e debido ao alto custo da mesma solicitan a concesión dunha axuda económica para este fin.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de 30 euros/alumno.

4.2.- Escrito num. 289/11 do CPI de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que dona Cristina Martínez Penas e dúas mestras máis en calidade de representantes da excursión que van realizar os alumnos/as de 6º de Primaria do CPI de Vedra a Madrid entre os días 10 ao 13 e maio, solicitan a concesión dunha axuda económica para este fin.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de catrocentos (#400,00#) euros

4.3.- Escrito num. 312/11 do CEIP de Ortigueira

Dáse conta do citado escrito no que don Jaime Furelos Vázquez, en calidade de Director do CEIP de Ortigueira, solicita que como viña sucedendo en curso anteriores que o concello poña a disposición dos alumnos/as do colexio dous autobuses (71 prazas) para realizar a excursión de fin de curso o vindeiro 25 de maio co seguinte itinerario: Colexio -Carboeiro (Silleda) -Castrolandín (Cuntis) -Colexio.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

5º.- Outros asuntos

5.1.- Escrito num. 271/11 do C.F. Vedra

Dáse conta do citado escrito no que don Fernando Picoón Castiñeiras, don José María Pérez Fente e don José Picón López, en calidade de Presidente, Tesoureiro e Secretario do C.F. Vedra, expoñen que desexan inscribir de novo o clube de



fútbol nas competicións de fútbol federado, polo que solicitan a cesión do uso do campo de fútbol de Marín (Vedra).

A Xunta de Goberno acorda cederlle o uso das citadas instalacións para a súa utilización exclusiva como campo de fútbol.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos

